

A opinión de B. Russell

XULIO VALCÁRCEL
xulioiv@gmail.com



PARA O FILÓSOFO BERTRAND RUSSELL, MATEMÁTICO E PREMIO NOBEL INGLÉS, BUDA OU SÓCRATES SERÍAN MÁIS DIGNOS DE ADMIRACIÓN QUE O PROPIO XESÚS

O 6 de marzo de 1927 Bertrand Russell pronunciou unha conferencia no consistorio de Battersea. Titulouna “Por que non son cristián”. Advertiu de comezo dos varios conceptos e credos que baixo esa denominación se agochan, continuando logo cunha serie de cuestións de carácter teolóxico –nas que non imos entrar– e xeofísico: “Se se aceptan as leis naturais da ciencia, suponse que a vida humana e en xeral a vida do planeta han desaparecer... Pódese ver na lúa o modelo ao que tende a terra: converterse en algo morto, frío, inerte” (...). Pero a ninguén lle preocupa demasiado o que vaia ocorrer dentro de millóns de anos”. Valorou despois Bertrand Russell os argumentos da deidade como remedio da inxustiza e analizou algunha das ensinanzas de Cristo, por exemplo “non devolvas mal por mal”, unha máxima que non achaba novedosa pois xa “a postularan Lao Tse e Buda cincocentos ou seiscientos anos antes”. Apoiálle tamén a Xesús que anunciase reiteradamente unha segunda vinda, que sería inmediata. Nese convencemento, os primeiros cristiáns abstivéronse de tomar pre-

visións cara ao futuro, véndose defraudados ao non cumprirse o anuncio.

Desde unha consideración moral, Russell lamentaba que Cristo aceptase a existencia do inferno (“Eu non podo pensar que exista ninguén profundamente humano que crea no castigo eterno”), e a caraxe case vingativa contra aqueles que non acollían a súa prédica, cousa que non sucede con Sócrates, “indiferente pero educado coa xente que non o escoitaba e iso é, para min, moito máis propio dun sabio que a indignación”, comenta.

Para Russell admonicións do tipo, “cobras, raza de víboras...”, “o que fale contra o Espírito Santo non será perdoado nin neste mundo nin no vindeiro”, “arredádevos de min, malditos, ide ao lume eterno”, expresan, no fondo, unha doutrina da crueldade.

“Non me parece –di Bertrand Russell– que nin en cuestión de virtude nin de sabedoría se poida poñer a Cristo ao nivel doutros personaxes históricos. Coido que tanto Buda como Sócrates o superan en ambos os dous sentidos”.

Crítico con todas as relixións, ás que considera inimigas do progreso, Russell sostíña que se debían ao



Ilustración de Xabier Garo.

medo do ser humano, á súa continxencia e inseguridade, á súa angustia. E avoga por prescindir de axudas imaxinarias e por eliminar aliados celestiais inexistentes. Confía, en troques, nos valores cívicos da honestidade, da mutua axuda, da tolerancia e da liberdade.

“Un mundo bo precisa de coñecemento, bondade e valor; non precisa do pesaroso anhelo do pasado nin do aferrollamento da intelixencia libre coas palabras pronunciadas hai moito tempo por seres ignorantes”, escribiu o matemático e premio Nobel.

libros Recomendados



SOLO SI TE MUEVES
ALOMA RODRÍGUEZ

Editorial Xordica. Zaragoza, 2013. 171 páginas. Esta joven escritora de Zaragoza sorprende con un libro que es un soplo de aire fresco, lleno de descaro y de autenticidad. El amor, el sexo, la convivencia en “pisos de estudiantes”, son temas de actualidad.



ÁTOMOS Y GALAXIAS
MIGUEL D'ORS

Editorial Renacimiento. Sevilla, 2013. 138 páginas. En la calle del Aire sevillana, donde todavía se conserva la casa del poeta Luís Cernuda, se ubica la editorial que viene de publicar el último libro de Miguel D'Ors, nacido en Santiago.



LOS CASTELLANOS
JORDI PUNTÍ

Editorial Xordica. Zaragoza, 2013. 137 páginas. La emigración desde los pueblos del sur de España, hacia Cataluña, es el punto de partida de una novela que descubre en los juegos infantiles de aquellos niños, un reflejo de la sociedad que los rodeaba.



YOM KIPUR / EL SUEÑO DE MAKAR
VLADIMIR KOROLENKO

Hermida Editores. Madrid, 2013. 144 páginas. Dos de los relatos más conocidos de Korolenko, que decide que sean divertidos, pero también tristes. Sus personajes, Iankel y Makar, conmueven, los compadecemos, pero no son penosos.